

GRAZAS POLO CHOCOLATE

Claude Chabrol, 2000

1151

ESTREA EN NUMAX: 10.08.2023 | V.O.S.E. | 101 min

Mika Muller, directora xeral de Chocolates Muller, é unha muller, baixo unha aparencia encantadora e delicada, acostumada a controlar a todos os que están ao seu redor. Vive en Suíza co seu marido, un prestixioso pianista chamado André Polanski, e co fillo deste, Guillaume. Cando unha moza pianista en busca das súas orixes e dun mestre visita a André, Mika verá unha ameaza á estabilidade familiar.

«Isabelle Huppert ofrece a interpretación pasivo-agresiva máis enxeñosa até a data»

Owen Gleiberman, ENTERTAINMENT WEEKLY



Entrevista con Claude Chabrol: «O filme constrúese sobre o principio de implosión»

Por Frédéric Bonnaud

Grazas polo chocolate parte dun libro de Charlotte Armstrong. Porque escolliches unha autora tan pouco coñecida? Armstrong é unha estadounidense de Wisconsin que renovou a novela negra sofisticada centrándose sobre nas posicións morais dos seus personaxes. Escribiu uns trinta libros construídos sobre a loita entre o Ben e o Mal, pero cun Ben sempre incerto e un Mal que non está probado. Eu xa lera *The Chocolate Cobweb* cara a 1950, tentei adaptalo hai uns trinta anos pero non dei coa maneira. Anos máis tarde pensei en facer un filme con Isabelle Huppert facendo de muller perversa no personaxe principal e recordei o libro, no que o seu non era a protagonista principal. A partir de aí, Caroline Eliacheff fixo un primeiro borrador do guión e eu traballei cos meus recordos do libro que lera anos atrás. Basicamente debe haber un 50% de libro e un 50% de invención.

Por tanto o proxecto vinculouse desde o inicio co desexo de dirixir de novo a Huppert? Si, pregunteille se quería facer un papel perverso e ela respondeu: "Si!!", con entusiasmo. A partir de aí retomei o libro.

Por que situou a acción en Suíza? Porque Suíza é un país que se di neutral e iso é o colmo da perversidade porque a neutralidade non existe! Suíza foi, por tanto, o escenario ideal para esta historia, sobre todo porque as lendas sobre Suíza son falsas. Neutralidade, falso! Limpeza, falso!

Cal foi o teu principio de construción para o filme? O principio de implosión. A explosión vai cara a fóra, a implosión cara a dentro, de maneira que nos encontramos ante un burato, un abismo. Ao final, todas as relacións mudan. Fixen que Isabelle tomase posición no último plano no que finalmente pode renacer e ser ela mesma. E todos os personaxes poden ser eles mesmos sen toda esta maraña de mentiras e falsidade. Por exemplo, podemos pensar que a moza poderá convertese nunha gran pianista sen cuestionarse se é filla de Dutronc. Tamén podemos pensar que o fillo atopará o seu camiño e fará cinema. Por que non?

Un dos grandes temas do filme é o retorno aos mesmos motivo, a variación. Son todo ecos, reflexos e repeticións. Como quería que a historia sufrise unha implosión debía evitar que progresase. As cousas que avanza son as menos importantes, non avanza teu pai, túa nai, túa filla. Daquela como facer que a trama fose cara a diante? Había tres solucións, que podemos observar en *Crime perfecto* (1954), un filme que Hitchcock constrúe por completo a partir de tres variacións sobre o mesmo motivo: un home agocha unha chave baixo unha alfombra nunhas escaleiras.

Primeira variación: facemos un inserto á man do home que deixa a chave baixo a alfombra. O público ve e entende a escena pero durante ese tempo non ve nada máis. Segunda variación: distraemos a atención do público e haberá espectadores que se decaten e espectadores que non. Terceira variación, a ideal, é asegurarse de que a ninguén lle escape o que fai o personaxe, pero ao mesmo sabemos o que pensa mentres actúa e a escena vai moito máis aló que un simple home que deixa unha chave baixo un tapiz! Aí, evidentemente, é fundamental a posta en escena, o resto só é habilidade e Hitchcock, que era un verdadeiro virtuoso, mostrouno tres veces para facernos entender que a terceira variación era a boa.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Cómo se hace una película,
Claude Chabrol.
Alianza Editorial, 2016

L'enfer,
Claude Chabrol.
MK2 [DVD]

La cérémonie,
Claude Chabrol.
MK2 [DVD]